

Galeusca fecha unas xornadas en Compostela nas que se analizaron as estratexias para impulsar as linguas minorizadas

Representantes da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e das súas homólogas vasca e catalá déronse cita este sábado en Compostela no Encontro Galeusca.

20 de setembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/galeusca-fecha-xornadas-compostela-nas-que-analizaron-estratexias-impulsar-linguas-minorizadas/20250920190628234382.html>

O Museo do Pobo Galego (Compostela) acolleu este sábado unha nova edición do **Encontro Galeusca**, após decorrerem esta quinta feira na capital galega os actos de benvida e un roteiro pola cidade.

A Federación Galeusca, que representa 2.800 escritoras, escritores e profesionais da tradución, naceu no ano 1984 en Poblet (Catalunya) coa intención de representar, defender e promover, a través da unión de forzas, autores e autoras en lingua galega, vasca e catalá.

Desde entón, a federación, conformada pola **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG), a **Associació d'Escriptors en Llengua Catalana** (ALC) e a **Euskal Idazleen Elkarte** (EIE), veu promovendo distintos encontros para a posta en común de ideas.

Unha das temáticas centrais desta xornada foi a intelixencia artificial e a súa implicación para as linguas e literaturas minorizadas. Este tema tratouse nun diálogo a cargo de **Rubén Cela**, **Ania González Castiñeira** e **Sebastià Portell** na mañá deste sábado.

Outro tema sobre o que se debateu, neste caso, nunha mesa redonda coordinada por **Antonio Reigosa**, e con representantes de Euskal Herria, Galiza, Catalunya e Portugal, foi a tradición oral, sendo este o último acto do programa (antes da lectura do manifesto e conclusións do encontro).

A xornada fechou cunha homenaxe precisamente á literatura de tradición oral, a través dunha actuación conxunta de regueifeiras (**Alba María** e **Lupe Blanco**), bertsolariak (**Oihana Arana** e **Amaia Elizagoien**) e glosadors (**Miquel Àngel Adrover** e mais **Berta Llos**).

O manifesto

As tres asociacións que formamos Galeusca (AELC, AELG, EIE), reunidas en Santiago este 20 de setembro de 2025, declaramos o noso compromiso para continuar coa reactivación da nosa actividade conxunta, para compartir actuacións literarias e culturais e para intercambiar

experiencias socialmente relevantes. É dicir, para seguir creando pontes de conexión e comunicación.

Constatamos que somos entidades que aglutinamos a 3.000 persoas escritoras, representando a máis de 15 millóns de falantes potenciais no mundo. Somos literaturas e culturas cunha grande bagaxe literaria e histórica e temos na literatura oral un dos nosos grandes alicerces.

A pesar dos longos séculos de historia de minorización, de persecución, represión e das ofensivas legais, soubemos resistir e adaptarnos ao paso do tempo. A complicidade das nosas linguas non hexemónicas reuniunos no seu día para fundar Galeusca, e mantemos o obxectivo de dar continuidade á nosa alianza.

Desde a liberdade de creación e a firme defensa dos dereitos humanos, queremos solidarizarnos co pobo palestino e condenar rotundamente o xenocidio que está a perpetrar o Estado de Israel.